

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 17 de novembro de 2023**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as de horas do día dezasete de novembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Rafael Domínguez Artime, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez*, nin a Vicepresidenta *Marta Fernández-Tapias Núñez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33169.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2023.

2.33170.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2024 (Expte. 2023045215)

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.



2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu Capítulo III, desenrola os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade.

Recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, favorecendo a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias.

En particular, no seu artigo 22, dispón que As Administracións Públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo e o coñecemento dos problemas asociados coa idade e das técnicas básicas para facerlles fronte.

4º.- Finalmente, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios fai máis de 10 anos, nos anos oitenta participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, pon en funcionamento o programa “PROVINCIA ACTIVA 2024”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 11 anos, participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, coas temáticas que se detallan no catálogo, e que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.



5º.- “PROVINCIA ACTIVA 2024” contempla a celebración de obradoiros nas seguintes áreas temáticas:

- Benestar Natural
- Saúde en Movemento
- Emociónate
- Outra Vida
- Con Ritmo!
- Redeir@s

6º.- Poderán participar no programa entidades que cumpran os seguintes requisitos:

Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.

Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.

Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores.

Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores.

7º.- Ofértanse un total de 130 obradoiros. En cada un deles poderán participar entre 20 e 25 persoas como máximo (o número máximo de participantes por curso especificase no catálogo).

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70% do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá conceder un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.

8º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2024, de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis con vinte euros (145.916,20 €), condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial. De xeito paralelo estase a tramitar a prórroga da prestación deste Servizo coa empresa adxudicataria do programa polo importe indicado, que supón un custo de 1.122,43 € por obradoiro, IVE engadido (Expediente 2021050862).

9º. Con data 8 de novembro de 2023, Intervención emite informe favorable (CSV: L14LPGTEGD8PE2B3) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 24/231.2311.227.07, considéranse correcta, non obstante, a aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2024 por tratarse dunha tramitación anticipada.



10º.- O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “PROVINCIA ACTIVA” 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras e o catálogo de obradoiros do Programa “*Provincia Activa*” para o ano 2024.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co (CSV): IK2YJQ12WB3A9717.

O Catálogo de obradoiros figura asinado dixitalmente có (CSV): G0VNZT8ZCCDC48RE.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>.

3.33171.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, DENOMINADO “REPARACIÓN SIMPLE DO PARQUE- AREA DE ESPAREXEMENTO DO PASEO DE TRONCOSO E REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN”. (Expte. 2023035381)

- *Primeiro.*-A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 03/03/2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 46, de 07/03/2023).
- *Segundo.*-Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- *Terceiro.*-Na citada resolución presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, apróbbase o citado reparto das cantidades en función dos datos proporcionados. Toda vez que as precipitacións rexistradas no *Concello de Mondariz- Balneario* son 92,93 l/m<sup>2</sup>, ao Concello correspóndelle unha cantidade máxima de 104.616,00€.
- *Cuarto.*-Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectifícase a citada RP núm. 2023004393, por un erro de transcripción dos datos.
- *Quinto.*-Con posterioridade, detéctanse erros no informe meteorolóxico de Meteogalicia de febreiro do 2023, polo que se emite un novo informe o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao *Concello de Mondariz- Balneario*.



- *Sexto.*-Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectificase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.
- *Sétimo.*-Toda vez que as precipitacións rexistradas no *Concello de Mondariz- Balneario* diminúen ata os 90 l/m<sup>2</sup>, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima de 87.180,00€. Xa que se minora o importe subvencionable, o Concello debe reformular e adaptar os importes da súa solicitude.
- *Oitavo.*-Posteriormente, en data 14/09/2023, consta entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023053317), emendada nas datas 18/09/2023,19/09/2023, 02/10/2023 e 06/11/2023 (con números de rexistro WEB2023053683, WEB2023054049, WEB2023055918 e WEB2023061364 respectivamente) dunha petición do Concello da Mondariz- Balneario na que reformula a súa solicitude, minorando a petición ata o importe de 87.180,00 €, cun orzamento polo mesmo importe, para o investimento “*Reparación simple do parque- área de espaxemento do paseo de Troncoso e reparación do muro de contención*”, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
MONDARIZ BALNEARIO NIF: P3603100C	1.- <i>Reparación simple do Parque- Área de espaxemento do Paseo de Troncoso</i>	17.596,33€	17.596,33€	-----
	2.- <i>Reparación do muro de contención</i>	69.583,67€	69.583,67€	
TOTAL		87.180,00€	87.180,00€	

- *Noveno.*-Revisada a documentación, a solicitude remitida pola entidade local cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan de inundacións ao achegarse a documentación requirida, se ben se constata que as actuacións están suxeitas ás seguintes autorizacións:

-Obra 1.- Aínda que nesta obra considérase non suxeito á autorización conforme ao disposto no RDPH, o concello remite comunicación previa para a súa análise por parte dos servizos correspondentes da Confederación Hidrográfica do Miño- Sil, para no caso de posterior pronunciamiento favorable mediante informe condicionado, levar a cabo as condicións ou medidas correctoras que resulten precisas.



-Obra 2.- Esta actuación está condicionada a:

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.

- *Décimo.*-As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 07/11/2023.
- *Décimo primeiro.*- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 08/11/2023 e da Intervención Provincial de data 09/11/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

### RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRLE e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LBRLE, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 07/11/2023 e da xefa do Servizo de Cooperación de data 08/11/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/11/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Mondariz-Balneario*, CIF P3603100C, por importe de 87.180,00 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación simple do parque-área de espaxamento do paseo de Troncoso e reparación de muro de contención*”, cun orzamento subvencionable polo mesmo importe, condicionada ás seguintes autorizacións:
  - o Obra 1.- Aínda que nesta obra considérase non suxeito á autorización conforme ao disposto no RDPH, o concello remite comunicación previa para a súa análise por parte dos servizos correspondentes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para no caso de posterior pronunciamento favorable mediante informe condicionado, levar a cabo as condicións ou medidas correctoras que resulten precisas.



- Obra 2.- Esta actuación está condicionada a:
  - Confederación Hidrográfica do Miño- Sil.
  - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa presentación da primeira xustificación da subvención.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz- Balneario*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.33172.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DE ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NA ORDE TER LIÑA 5 - DESENVOLVEMENTO DA INTEROPERABILIDADE DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CO SERVIZO DE “CARPETA CIUDADANA” NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022 LIÑA 5 (FONDOS NEXT GENERATION EU)”. (Expte.2023062010)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas palanca e trinta compoñentes. A cuarta política palanca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio. O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.

Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.





Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a liña estratéxica 5 – Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital, cuxo obxectivo é garantir a interoperabilidade dun conxunto mínimo de servizos básicos de administración dixital (rexistro electrónico, notificacións electrónicas, facturación electrónica e integración de expedientes abertos e “Carpeta Ciudadana” do sector público estatal).

No ano 2016, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha o Proxecto Provincial de Administración Electrónica, o cal brinda ós concellos un conxunto de servizos destinados a facilitar a xestión por medios electrónicos dos procesos administrativos, ademais de adaptar o seu funcionamento á normativa e instrucións técnicas relacionadas coa Administración Electrónica. Por iso, a presente licitación pretende avanzar na interoperabilidade construída sobre a plataforma de tramitación GESTIONA que mantén actualmente a empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. mediante o desenvolvemento da integración con “Carpeta Ciudadana” co obxectivo de conformar un espazo de datos eficiente e eficaz para a cidadanía e as empresas e onde as entidades municipais poderán achegar datos sobre os expedientes abertos das súas persoas interesadas e representantes.

Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que, se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios os concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra presentou a solicitude do proxecto denominado: desenvolvemento da interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo de “carpeta cidadana” nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro do 2020), para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 5; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU.

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.

Unha das actuacións contempladas na execución do proxecto é a posta en marcha do desenvolvemento da integración con “Carpeta Ciudadana” para que os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra poidan dispoñer dunha ferramenta integrada ca aplicación Gestiona propiedade da empresa Espublico servicios para la administración S.A. que permita a relación bidireccional entre a cidadanía e as entidades locais. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



A externalización dos presentes traballos faise necesaria debido a que non existen medios materiais, tanto humanos como técnicos, na Deputación de Pontevedra para abordar os mesmos coas debidas garantías e eficiencia, debido á complexidade da aplicación, ademáis, de conformidade con informe do xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías, Gestiona é unha aplicación suxeita á protección de propiedade intelectual, comercial e industrial, propiedade da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A (CIF: A50878842), é por elo que a citada empresa ten os dereitos en exclusiva para realizar integracións e modificacións na mesma. Polo tanto estes traballos de integración débense realizar polo persoal da devandita empresa.

Así mesmo, consta no expediente certificado sobre a propiedade do Software achegado pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A., con CSV: 8V9P60LEJDFU4DBB.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 meses contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria, estando condicionada a eficacia desta contratación á adxudicación do mesmo antes do 31 de decembro de 2023 ou a aprobación, polo Ministerio de Política Territorial, dunha nova ampliación do prazo de execución deste proxecto, antes da data indicada. O orzamento base de licitación de 530.000,00 euros, ive engadido.

Resultando que con data 09/10/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300205689 polo importe de 530.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 “Investimentos para Concellos, PRX.92310005\_PIREP. Proxecto de gasto 92310005 92310005 \_TRANSF. DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS EELL, (O.TER/836/22 M.P.T. \_PIREP) ” indicando que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto no orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 10/11/23, o xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP) , e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 18/10/23, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25/10/23, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 26/10/23, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/11/23, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- A pesares dos informes complementarios do servizo antes mencionados, ante as dubidas suscitadas e recollidas no informe previo da Intervención de 8 de novembro, ésta recomenda se realice unha consulta ante o Ministerio de Política Territorial, sobre a correcta imputación orzamentaria e a elixibilidade dos gastos antes da adxudicación do contrato.*



*Asemade, entendendo a presente contratación supón un beneficio para todos os concellos da provincia participantes no programa, debería establecerse un mecanismo, (vía convenio cos concellos, por exemplo) para garantir o cumprimento das condicións de durabilidade da actuación financiada no seu caso.*

*2.- (\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación ni condicionantes específicos de DNSH, mais alá das referidas á propia adxudicación e execución do contrato segundo recolle a ficha de definición do subproxecto, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

*3.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.*

*4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA”.*

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade do “Desenvolvemento da Interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo de “Carpeta Ciudadana” no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3 e da Orde TER/836/2022 Liña5 (Fondos Next Generation EU)”.

O prazo máximo de duración será de 4 meses contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria.

A eficacia da presente contratación queda condicionada á adxudicación do mesmo antes do 31 de decembro do 2023 ou a aprobación, polo Ministerio de Política Territorial, dunha nova ampliación do prazo de execución desde proxecto, antes da data indicada.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 530.000,00 euros.

O valor estimado é de 438.016,53 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: UVHMHLPVN78UKGVK) e de prescricións técnicas (CSV: GVRTRO1IZQVV8T3O) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 530.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 “Investimentos para Concellos, PRX.92310005\_PIREP. Proxecto de gasto 92310005 \_ TRANSF. DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS EELL, (O.TER/836/22 M.P.T. \_PIREP)” do orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



5.33173.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE “PATROCINIO DEPORTIVO DO PARTIDO OFICIAL DA SELECCIÓN DE FÚTBOL FEMININO “ESPAÑA VS ITALIA” DA NATIONS LEAGUE FEMININA”. (Expte.2023065706)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, *Reguladora das Bases do Réxime Local*, dispón no seu artigo 36.D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias: - Fomentar, promover e difundir o deporte.

- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

A Deputación de Pontevedra traballa acotío para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada da Deputación de Pontevedra, así como axudando a que a información sociocultural, deportiva, actividades de dinamización e coñecemento, actuación de comunicación e calquera outra que se realicen en aras do ben común poidan chegar a ter o impacto desexable no territorio provincial en tódolos ámbitos da súa competencia.

O deporte éríxese hoxe en día tanto como unha actividade enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal, como un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico, consolidándose durante a crise sanitaria como unha actividade esencial para os españois. A contribución da industria do deporte á economía española é do 3,3%.

A área de deportes da Deputación de Pontevedra estableceu entre as súas prioridades estratéxicas a promoción e fomento do deporte feminino, así coma o turismo deportivo, co claro obxectivo de dinamizar, transformar e modernizar dito sector no ámbito do deporte e da igualdade.

Isto obriga ás institucións, en virtude das súas competencias en materia de deporte, a manter un permanente obxectivo de innovación e adaptación, para responder ás necesidades e aspiracións da cidadanía, buscando fundamentalmente accións máis eficientes e coordinadas cos axentes deportivos. Os eventos deportivos de especial relevancia, destacan por fomentar hábitos e valores de vida saudable, poñendo en valor ao deporte e impulsando un retorno económico elevado.



En base ao exposto, con data 02/11/23, a Vicepresidenta primeira propón iniciar o expediente para a contratación do “*Patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino ‘España VS Italia’ da Nations League Femenina*”.

O servizo de Deportes mediante informe, con data 10 de novembro de 2023, CSV: ORZNIGVRDETKYO2J, sinala que o patrocinio é unha técnica de comunicación estruturada na que o patrocinador actúa coa finalidade de obter un beneficio directo ao asociar a súa imaxe, corporativa ou de marca, os seus produtos ou servizos, á actividade, persoa ou entidade patrocinada.

A efectos publicitarios de imaxe, poderíase comparar o custo do patrocinio publicitario estimado pola Deputación, co custo de contratar servizos publicitarios profesionais para a obtención do mesmo impacto ou difusión pública. Vistas as memorias presentadas pola Federación Española de Fútbol onde estima o custo dos diferentes conceptos, como poden ser, o custo de realizar un evento destas características, o impacto publicitario e o retorno económico por encima do millón e medio de euros e establecendo como punto de partida o 15 % dá valoración de retorno, que se estima nas instrucións reguladoras aprobadas por RP2020000353 dos contratos de patrocinio tramitados polo servizo de Comunicación Institucional, que resultaría unha cantidade superior ao custo estimado pola federación para realizar a publicidade da Deputación de Pontevedra e da provincia por importe de 205.750,00 € (con IVE).

O servizo de Deportes tamén informa na súa proposta que este contrato se levará a cabo en exclusividade coa FEDERACION ESPAÑOLA DE FÚTBOL (Q2878017I) que é a entidade que ten a exclusiva para concertar, desenvolver e organizar os encontros que se celebren en España para as Seleccións Nacionais de Fútbol e, en concreto, para o encontro entre as Seleccións nacionais de Fútbol entre España e Italia que se disputará en Pontevedra o 1 de decembro de 2023.

Consta no expediente escrito da Real Federación Española de Fútbol na que se certifica que *“de acuerdo con lo previsto en los artículos 50 y 51 de la Ley 39/2022, de 30 de diciembre, del Deporte, los artículos 1 y 5 de los Estatutos de la RFEF y el artículo 278 del Reglamento General de esta entidad federativa, debidamente ratificados por parte de la Comisión Directiva del Consejo Superior de Deportes, es competencia de la RFEF concertar, desarrollar y organizar los encuentros que se celebren en España de las Selecciones Nacionales de Fútbol, y a los efectos del presente certificado, concretamente el encuentro entre las Selecciones Nacionales de Fútbol de España e Italia, que se celebra el 1 de diciembre de 2023 en Pontevedra, sin que haya delegado ni cedido su organización a ningún otro ente, club deportivo o asociación de clubes deportivos, persona física o jurídica, privada o pública, liga profesional o federación deportiva”*.

Resultando que con data 06/11/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300223423 polo importe de 205.750,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/340.3410.226.02 indicando que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto no orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 10/11/2023, o xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é privado, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 08/11/23, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 09/11/23, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 09/11/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/11/23, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (art. 68.3 do RXLCAP) coma, por exemplo, o prazo de execución.*

*2.- Con carácter xeral os contratos de patrocinio publicitario só deben estar destinados a patrocinar eventos ou entidades únicas, moi singulares e de prestixio, como é o presente evento, que revertan nun retorno publicitario real e efectivo para a Deputación evitando a discriminación por inexistencia de actividades ou eventos similares na provincia.*

*Neste senso, sinalar que consta no expediente informe do Servizo, (CSV):84IDOMY5C2PJLB58), no que se pon de manifesto a singularidade do evento que os retornos deportivos, publicitarios e económicos acadados pola Deputación son moi superiores a o prezo do patrocinio dada a importancia e repercusión a nivel nacional e internacional do evento, non obstante, tal como se recolle nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2023001138, “Con carácter xeral o “retorno publicitario” implícito en todo patrocinio debe ir máis aló da mera inserción do nome ou logotipo da Deputación, resultando recomendable que se publicite a imaxe da provincia ou dos seus territorios (os seus valores históricos, culturais, deportivos, sociais, turísticos, etc.), ou a actividade prestacional despregada pola Deputación para posibilitar o seu coñecemento pola cidadanía, de acordo cos obxectivos fixados no artigo 3 da Lei 29/2005”.*

*3.- Asemade, con carácter previo ao recoñecemento da obriga e pago do patrocinio, deberá achegarse unha memoria do desenvolvemento da actividade xunto cos documentos que acrediten o efectivo cumprimento das medidas de publicidade e promoción comprometidas, cunha valoración do retorno publicitario efectivo e o orzamento final da actividade incluíndo a totalidade de gastos e ingresos, reflectindo outros posibles patrocinadores, así como, no seu caso, os ingresos por venda de entradas e calquera outro ingreso ou recurso vinculado ao evento.”*

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 13/2012 define con precisión a figura do contrato de patrocinio realizado por unha Administración Pública, no seguinte sentido:

*“Tiene por objeto una publicidad de carácter indirecto que se ha dado en llamar «retorno publicitario», y que consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen.*

*El patrocinado es una persona física o jurídica que no necesariamente tiene que desarrollar una actividad profesional, al contrario de lo que ocurre en el contrato de publicidad que se concierta con una agencia publicitaria, o en el contrato de difusión publicitaria, en el que el contratista necesariamente es un medio de difusión.*



*El contrato de patrocinio, aún en el caso de ser celebrado por una Administración Pública, tiene la consideración de contrato privado, pues el patrocinado, como se ha expuesto anteriormente no es una empresa dedicada a los servicios publicitarios, lo que excluye la posibilidad de considerarlo como contrato administrativo de servicios, y tampoco puede ser considerado como un contrato administrativo especial, ya que no resulta vinculado al giro o tráfico”.*

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no Informe 7/2018, entende que neste caso non estamos ante un contrato de servizos, senón ante un contrato privado dos do artigo 26.1a) da LCSP, xa que o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como administrativo de servizos e tampouco pode ser considerado como administrativo especial, xa que as súas prestacións non están vinculadas ao xiro ou tráfico da administración, non satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública específica. Asemade, conclúe que a súa adjudicación pode facerse mediante un procedemento negociado sen publicidade ao amparo artigo 168a) 2º da LCSP, ou tratarse como contrato menor.

Outro aspecto relevante nos contratos de patrocinio é a valoración do retorno que coa actividade se consegue pola Deputación. Neste sentido a Sentenza de 22.01.2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 de Oviedo anula un contrato de patrocinio por tratarse dunha subvención encuberta xa que non se trataba realmente dun contrato de patrocinio (incoado mediante un procedemento negociado sen publicidade), senón que se pretendía apoiar unha determinada actividade que a administración consideraba favorable para os intereses públicos.

Considerando a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade define no artigo 22 contrato de patrocinio publicitario como aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador. Polo tanto, o patrocinado non exerce a publicidade como actividade profesional, senón que a súa contraprestación se centra na realización da súa actividade, durante a que leva a cabo a publicidade e a cambio recibe unha contraprestación económica.

Considerando o artículo 26 Lcsp, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.ª e 2.ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.





Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade do “*Patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino ‘España VS Italia’ da Nations League Feminina*”.

O prazo máximo de duración comprende desde a firma do contrato ata o 1 de decembro de 2023.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 205.750,00€.

O valor estimado é de 170.041,32 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PSTBWR48SHCJQY2K) e de prescricións técnicas (CSV: 6QX4DOGTX6NJZ72Z) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 205.750,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

6.33174.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DE “ACTUACIÓN INCLUIDAS NA ORDE TER LIÑA 4- SUBMINISTRACIÓN DUNHA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE ALTA CAPACIDADE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 4 (FONDOS NEXT GENERATION EU)”. (Expte. 2023062421)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación



dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes. A cuarta política panca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio.

O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.

Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR.

Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a liña estratéxica 4 – Infraestruturas dixitais, cuxo fin é dotar ás administracións locais das infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a súa modernización, co fin de asegurar a dispoñibilidade en calquera circunstancias e de adaptar a capacidade dispoñible ás necesidades existentes en cada momento, contribuíndo a desenvolver a conectividade dixital, a economía do dato e a intelixencia artificial nas administracións.

Así mesmo, prevese modernizar e dixitalizar as sedes das administracións públicas, engadindo puntos de encontro dixital entre estas e a cidadanía e contribuíndo á mellor, seguridade e eficiencia enerxética e de procesos das entidades locais tanto para a cidadanía como para o propio persoal destas.

Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios aos concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra presentou a solicitude do proxecto denominado: “Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo dos concellos” en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro do 2020), para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 4; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU.

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.

Polo tanto, a Deputación de Pontevedra expón a incorporación, aos equipos de almacenamento xa existentes nos Centros de Procesado de Datos (CPD) da Deputación de Pontevedra, dunha nova infraestrutura de almacenamento de alta capacidade e rendemento para darlle servizo de almacenamento aos concellos da provincia adheridos ao proxecto da liña estratéxica 2.



A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos nin técnicos suficientes para realizar directamente este subministro, motivo polo cal é necesario acudir a unha contratación externa.

En base ao exposto con data 9/10/2023 a Deputada Delegada do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local en materia de proxectos europeos ditou providencia de inicio do expediente de contratación para a subministración dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade e rendemento para darlle servizo de almacenamento aos concellos da provincia de Pontevedra adheridos ao proxecto da liña estratéxica 2 .

Tendo en conta que, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa (csv O26GLTCLPDAJHTXA) para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, e de acordo co RD-L36/2020, de 30 de decembro, para os contratos financiado cos Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 16/10/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24/10/2023, csv P8RSRV7HKG2SATM8.

Visto que con data 25/10/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe da Intervención de data 13/11/2023 polo que se informa favorablemente o expediente csv OXR2XGXP6HL9I0Z1, e se recollen as seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- Á vista dos prazos recollidos na resolución de concesión da axuda e da prórroga concedida ata o 30 de abril de 2024, a tramitación do expediente proposta na providencia de inicio (CSV:2U6TFGTZ3UO1BNV4) mediante trámite de urxencia non está xustificada, motivo polo cal no expediente se sigue a tramitación ordinaria.*

*2.- (\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación ni condicionantes específicos de DNSH, mais alá das referidas á propia adxudicación e execución do contrato segundo recolle a ficha de definición do subproxecto, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

*3.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.*



4. Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Visto que con data 10/10/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300205694 polo importe de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2023/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da “*Subministración dunha estrutura de almacenamento de alta capacidade para a Deputación de Pontevedra, no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde Ter/836/2002. Liña 4*”, polo importe total IVE incluído de 200.000,00€.

Valor estimado (sen IVE): 165.289,26€.

O prazo de execución será de 2 meses a contar desde a data de formalización do contrato.

Unha vez realizado, comezará o período de garantía da infraestrutura de almacenamento de alta capacidade, establecida na cláusula 10 do PPT (36 meses).

A Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de renunciar ao contrato no caso de que non sexa posible a súa adxudicación antes do 31 de decembro do 2023, agás que o Ministerio de Política Territorial aprrobe unha nova ampliación do prazo de execución do proxecto antes da data indicada.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: Q9YHFMH09Q806SBV) e de prescricións técnicas (csv: JRMMDOA6MKV42LOS) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2023/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato ao Xefe de servizo de Novas tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

7.33175.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q. 1+950 AO P.Q. 3+150 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”. (Expte. 2023042340)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a EP – 7102, de Serapio a Portela, que pertence á Deputación de Pontevedra, ten unha lonxitude total de 9.350 metros e descorre polos *Concellos de Cerdedo – Cotobade e A Estrada*.

Resultando.- Que coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de seguranza viaria e mobilidade, asinouse na data 01/03/2023, convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* para a execución do proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe de 436.589,19 €.

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	436.589,19 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.



Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, de inicio do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” cun orzamento base de licitación de 436.589,19 €, IVE incluído.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300024089 por importe de 436.589,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que constan no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (CSV) ALHX6QDFW9QQA8DT e por Augas de Galicia (CSV) 8WKLIGOGFZP3SWG N e informe favorable de supervisión do proxecto (CSV) HINO9G6FAB9T069V emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en funcións.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 436.589,19 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) WGJ8AFEJE6PROJ2M.

Resultando.- Que consta no expediente dilixencia de aprobación definitiva do proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (CSV) 4GZIUS40DBDKQ3QM.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de agosto de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/08/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/09/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D.Francisco Alonso Fernández, con data 15/09/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre “A”
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/09/2023 en base ó informe do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. Francisco Alonso Fernández, de data 15/09/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo de Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	337.075,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	336.281,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	333.647,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	345.807,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	353.240,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	330.689,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	357.209,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	347.395,10 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por HORDESCON, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, HORDESCON, S.L., presentou xustificación da súa oferta dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas quen emitiron o preceptivo informe na data 10/11/2023 recollendo que HORDESCON, S.L NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.





Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 19/10/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	22,12	5,00	5,00	5,00	37,12
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,79	5,00	5,00	5,00	37,79
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,03	5,00	5,00	5,00	40,03
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	14,53	5,00	5,00	5,00	29,53
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	7,33	5,00	5,00	5,00	22,33
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,49	5,00	5,00	5,00	18,49
NAROM, S.L.	12,99	5,00	5,00	5,00	27,99

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00	40,03	65,03
2	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	37,79	57,79
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	37,12	53,12
4	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	29,53	52,53
5	NAROM, S.L.	18,00	27,99	45,99
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00	18,49	43,49
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	22,33	38,33



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., por un importe de 403.714,02 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. (CIF B94181807), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a teor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 16.682,40 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 03/11/2023 con número de operación 202300222783.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “*...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluír da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)*”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na providencia de inicio de expediente, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A para a adxudicación do Contrato derivado lote1 AM seguridade e saúde na obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe estimado de 3.462,24 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) Z99MV31D5BYN43MP no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/57, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300138621.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola *Hordescan, S.L.*, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa *Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.*, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe de 403.714,02 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	333.647,95 €
IVE (21%) .....	70.066,07 €
Importe Total.....	403.714,02 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023042340.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, *D. Jaime Ruibal de Sola*.
4. Adxudicar á empresa *Tecnica y Proyectos, S.A.* (CIF A28171288) o Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde na obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (Expte 2023044208) , por un importe de 3.462,24€ e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	2.861,36 €
IVE (21%).....	600,88 €
Importe Total.....	3.462,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023044208.



8.33176.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA”. (Expte. 2022049711)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”, por un importe de 379.285,17 € e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 07/07/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/01/2024.

Resultando.- Que con data 16/10/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre OCHENTA E TRES (83) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que as condicións meteorolóxicas existentes e a previsión de choivas para os vindeiros días impiden realizar os traballos seguintes que hai que executar na obra.

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada é do 11,13% quedando un importe pendente de executar de 337.075,44 €.

Resultando.- Que con data 13/11/2023 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación recollendo o seguinte: *Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se teñen que executar na obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre OCHENTA E TRES (83) DIAS para a finalización do prazo de execución...*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “*...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “*...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).*  
2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á*



mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”, con efectos dende o 16/10/2023.
- Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre OCHENTA E TRES (83) DIAS para finalizar a obra.

9.33177.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EDNON, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2018029857) (Devogaran 2023067011)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2019 (CSV:ALLNHD3MGC8FF7WO), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación da prestación do “*Servizo de copia de seguridade na Nube, para a Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2018029857) Para responder da realización deste servizo, a empresa *Ednon, S.L.* (B-36938009), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EDNON, S.L. (B-36938009)	15.619,83€	201900051330	20/03/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa favorablemente á devolución da mesma xa que, finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...), o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EDNON, S.L. (B-36938009), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de copia de seguridade na Nube, para a Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2018029857), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil EDNON, S.L. (B-36938009), mediante aval de GENERALI, con Certificado de Seguro de Caución número 2N-G-515.002.224, por importe de 15.619,83 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/03/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900051330.

10.33178.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023068378)

Vista a relación de facturas con número 2023068378, que contén 20 facturas e por un importe de 29.289,96€ e con CSV: Y9VQ99K4JO6LV3DU, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/11/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	28.470,53 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	819,43 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	29.289,96 €

11.33179.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE A CAÑIZA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2)”. (Expte. 2023031558)

Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de



Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao *Concello de A Cañiza*, por importe de 17.787,00 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Redacción do proxecto da renovación integral do campo de fútbol de Augas Férreas*”.

En data 08/11/2023, o Concello presenta no rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023061838) unha Resolución da Alcaldía presentando a renuncia á subvención concedida “por non ten presentado en prazo a solicitude de subvención para financiar o investimento ante o Consello Superior de Deportes para o fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023”. Isto supón o incumprimento que non fai posible o cobro da subvención concedida.

En data 08/11/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.

En data 10/11/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTOS XURIDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.





## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

## REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, o *Concello de A Cañiza* presenta, en data 08/11/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto “*Redacción do proxecto da renovación integral do campo de fútbol de Augas Férreas*”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/11/2023 (CSV: LQHH0KBLKG3UASI7) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 10/11/2023 (CSV: :6NDV5ROLM6VHTL08), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de A Cañiza* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación “*Redacción do proxecto da renovación integral do campo de fútbol de Augas Férreas*”, expediente 2023031558.

- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de A Cañiza*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 17.787,00 €, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.

- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.33180.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE A GUARDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIÓNABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2)”. (Expte.2023031188)

Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de



proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao *Concello de A Guarda*, por importe de 5.336,79 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Melloras no campo de fútbol de A Sangriña*”.

En data 08/11/2023, o Concello presenta no rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023061916) un escrito da Alcaldía presentando a renuncia á subvención concedida argumentando que “*non tendo executadas as actuacións obxecto desta subvención no prazo establecido comunicamos a renuncia a subvención concedida para o proxecto melloras no campo de fútbol de A Sangriña por importe de 5.336,79€ (Expte. 2023021384)*”. A non solicitude supón o incumprimento da obriga de presentar a solicitude de subvención no marco da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023 e non fai posible o cobro da subvención concedida.

En data 09/11/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.

En data 10/11/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTOS XURIDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14<sup>a</sup> da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

## REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.



## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o *Concello de A Guarda* presenta, en data 08/11/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto “*Melloras no campo de fútbol de A Sangriña*”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/11/2023 (CSV: 1TK3LZ1FRMKSOI5H) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 10/11/2023 (CSV: 7RHC3PSLC73KQAO2), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de A Guarda* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación “*Melloras no campo de fútbol de A Sangriña*”, expediente 2023031188.
- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de A Guarda*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 5.336,79 euros, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Guarda*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



13.33181.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE AGOLADA PARA A “SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte.2022034757)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao Concello de Agolada (CIF: P3602000F) unha achega de 3.268,62 euros para o desenvolvemento da actuación da liña B denominada “*Sinalización do patrimonio histórico-cultural*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo*”.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Agolada*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 7 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 8 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación “*Sinalización do patrimonio histórico-cultural*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Agolada* (CIF: P3602000F), por un importe de 3.268,62 €, para a actuación “*Sinalización do patrimonio histórico-cultural*”, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.



2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello de Agolada* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Agolada*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

14.33182.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE BAIONA PARA A “SUPRESIÓN DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NO CEMITERIO DE BAIONA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte.2022033509)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao *Concello de Baiona* (CIF: P3600300B) unha achega de 2.018,87 euros para o desenvolvemento da actuación da liña A denominada “*Supresión de simboloxía franquista no cemiterio de Baiona*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

O 10 de abril de 2023 o Concello de Baiona solicita a modificación do proxecto inicialmente aprobado para adecuado aos requirimentos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 21 de abril de 2023 (acordo núm. 11.32571) acordouse a desestimación da dita modificación por presentarse esta fóra do prazo establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo*”.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do Concello de Baiona, requíriuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).



Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 3 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 7 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación “*Supresión de simboloxía franquista no cemiterio de Baiona*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Baiona* (CIF: P3600300B), por un importe de 2.018,87 €, para a actuación “*Supresión de simboloxía franquista no cemiterio de Baiona*”, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.
- 2) Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o Concello de Baiona poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
- 3) No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
- 4) Notificar esta resolución ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

15.33183.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO PARA A “MELLORA SINALÉCTICA DOS PRINCIPAIS PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022034659)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao Concello de Campo Lameiro (CIF: P3600700C) unha achega de 2.966,87 € para o desenvolvemento da actuación da liña B denominada “*Mellora sinaléctica dos principais puntos de interese arqueolóxico*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.





Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, *“unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo”*.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do Concello de Campo Lameiro, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 3 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 7 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación *“Mellora sinalética dos principais puntos de interese arqueolóxico”*.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Campo Lameiro* (CIF: P3600700C), por un importe de 2.966,87 €, para a actuación *“Mellora sinalética dos principais puntos de interese arqueolóxico”*, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.
- 2) Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello de Campo Lameiro* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
- 3) No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
- 4) Notificar esta resolución ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



16.33184.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DA CAÑIZA PARA A “MELLORA DO ENTORNO DA FONTE DO ANXO NA FRANQUEIRA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte.2022031967)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao *Concello da Cañiza* (CIF: P3600900I) unha achega de 6.397,58 euros para o desenvolvemento da actuación da liña B denominada “*Mellora do entorno da fonte do Anxo na Franqueira*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo*”.

O 16 de xuño de 2023 o *Concello da Cañiza* solicita unha prórroga do prazo establecido para a execución da referida actuación ata o día 30 de setembro de 2023. Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 21 de xullo de 2023 (acordo núm. 15.32834) acordouse a desestimación da prórroga solicitada ao incumprirse as bases reguladoras da convocatoria.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello da Cañiza*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 3 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 7 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación “*Mellora do entorno da fonte do Anxo na Franqueira*”.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello da Cañiza* (CIF: P3600900I), por un importe de 6.397,58 €, para a actuación “*Mellora do entorno da fonte do Anxo na Franqueira*”, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.
- 2) Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello da Cañiza* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
- 3) No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
- 4) Notificar esta resolución ao *Concello da Cañiza*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

17.33185.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA A “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONSERVA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022032556)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao *Concello da Illa de Arousa* (CIF: P8600004I) unha achega de 9.042,21 euros para o desenvolvemento da actuación da liña B denominada “*Rehabilitación da envoltente do Centro de Interpretación da Conserva*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo*”.



O 18 de maio de 2023 o *Concello da Illa de Arousa* solicita unha prórroga do prazo establecido para a execución da referida actuación ata o día 15 de agosto de 2023. Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 21 de xullo de 2023 (acordo núm. 13.32832) acordouse a desestimación da prórroga solicitada ao incumprirse as bases reguladoras da convocatoria. Este acordo foille notificado ao Concello o 27 de xullo de 2023.

O *Concello da Illa de Arousa* presenta recurso de reposición, o 1 de agosto de 2023, contra o acordo anteriormente notificado pola Deputación, recurso que foi desestimado pola Xunta de Goberno do día 18 de agosto de 2023 (acordo núm. 10.32912).

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello da Illa de Arousa*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 3 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. Resultando que con data 7 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación “*Rehabilitación da envolvente do Centro de Interpretación da Conserva*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello da Illa de Arousa* (CIF: P8600004I), por un importe de 9.042,21 €, para a actuación “*Rehabilitación da envolvente do Centro de Interpretación da Conserva*”, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.
- 2) Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello da Illa de Arousa* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
- 3) No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
- 4) Notificar esta resolución ao *Concello da Illa de Arousa*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



18.33186.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE TUI PARA A “REPARACIÓN E REPOSICIÓN DA SINALIZACIÓN NO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022034678)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo núm. 4.31493), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), acordou concederlle ao *Concello de Tui* (CIF: P3605500B) unha achega de 10.783,75 € para o desenvolvemento da actuación da liña B denominada “*Reparación e reposición da sinalización no conxunto histórico de Tui*”, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo quinta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, “*unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2023. Unha vez realizado o investimento, as entidades beneficiarias terán de prazo improrrogable ata o 30 de setembro de 2023 para xustificalo*”.

Unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do Concello de Tui, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 3 de novembro de 2023 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 7 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a este concello para a realización da actuación “*Reparación e reposición da sinalización no conxunto histórico de Tui*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Tui* (CIF: P3605500B), por un importe de 10.783,75 €, para a actuación “*Reparación e reposición da sinalización no conxunto histórico de Tui*”, ao abeiro das Bases reguladoras de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.



- 2) Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello de Tui* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
- 3) No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
- 4) Notificar esta resolución ao *Concello de Tui*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

19.33187.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29/09/2023 (Nº8.33004) RELATIVO Á “DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, JARDANAY, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DE COCINA E COMEDOR PARA O PROGRAMA DEPOAVENTURA 2023”. (Exte.2023020014) (Devogaran 2023058385)

Mediante acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2023, procedeuse á devolución dunha serie de garantías definitivas, dentro das que se encontraba a devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil JARDANAY, S.L. (CIF B-15754682), para participar no contrato relativo ao “*Servizo de restauración e limpeza de coziña e comedor, para o programa DEPOAVENTURA 2023*” (Expte. 2023020014).

Resultando.- Que en dito acordo da Xunta de Goberno advertiuse un erro tipográfico na indicación da garantía establecida.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o mencionado acordo no seguinte senso:

• Onde di:

“- *Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de 7.067,50 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/05/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300099106.*”



• Debe dicir:

“- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA (A-70302039), con número REA 682883, por importe de 7.067,50 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/05/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300099106.”

O resto do texto permanecerá invariable.

20.33188.- MODIFICACIÓN PUNTUAL NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 03/11/2023 (Nº 3.33125), POLO QUE SE APROBABA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023” (Expte.2022076153)

No acordo núm. 3.33125 adoptado na Xunta de Goberno do 3 de novembro de 2023, polo que se aprobaba a concesión de subvencións a “Escolas de Música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023”, detéctase un erro no CSV da relación das subvencións concedidas polo que se fai a seguinte modificación:

Onde figura: “Aprobar a concesión de subvencións a 29 escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para os gastos de funcionamento, para o ano 2023, por un importe total de 90.000,00 € con cargo á aplicación 23/330.3260.489.09 e que figuran na relación que se achega co CSV: 7JBLEYJYPNUR3EV6”.

Debe figurar: “Aprobar a concesión de subvencións a 29 escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para os gastos de funcionamento, para o ano 2023, por un importe total de 90.000,00 € con cargo á aplicación 23/330.3260.489.09 e que figuran na relación que se achega co CSV: 0W7H5AQ9XDMPP0GM”.

Verificada a existencia de devandito erro polo centro xestor desta convocatoria, procede a súa rectificación de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo núm. 3.33125 adoptado na Xunta de Goberno do 3 de novembro de 2023 polo que se aprobaba a concesión de subvencións a “Escolas de Música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023”, nos termos expostos anteriormente.

Permanecendo invariable o resto do contido do citado acordo.



21.33189.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.33190.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33191.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

